

A PARTICIPACIÓN ACTIVA DA CIDADANÍA ANTE A EVASIÓN FISCAL

Que pode facer a cidadanía ante a evasión fiscal? Non estamos a falar de conceptos que se nos escapan? Que capacidade teño eu para incidir en temas, a priori, tan áridos como o dos impostos ou a macroeconomía? Que podo facer eu, que a duras penas chego a fin de mes, ante a evasión fiscal?

Estas son cuestións que a cidadanía se fai a diario, cando escoita falar nos medios de comunicación de Amnistía Fiscal, Paraísos Fiscais, a Prima de Risco.... que lonxe!!!

Sen embargo, son argumentos errados e, moitas veces, argumentos que utilizamos como escusa para non tomar a decisión de implicarnos a fondo en todo o que ocorre no noso redor.

Probablemente o concepto de **ciudadanía global**, sexa un dos mellores argumentos para explicar que temos o dereito e a obriga de cambiar as cousas. **Porque as cousas ou as cambiamos, ou cámbianas por nos.**

Vivimos nun mundo interconectado e interdependente e, polo tanto, como cidadanía do século XXI, temos que desenvolver un sentido de identidade e pertenza a un mundo supranacional e a unha comunidade planetaria onde deben compartirse dereitos, deberes e responsabilidades.

Como define Vicente Manzano "A cidadanía global é un proxecto-utopía, un punto de chegada no que esperamos (traballando) que aterre unha humanidade cunha clara consciencia do destino común, de viaxe común, de futuro común. E unha forma de estar no mundo, un estilo de vida, co que as persoas-cidadanía-global preséntanse ó resto dicindo "Ola, aquí estou porque aquí estamos compartindo o mesmo, porque compartimos o mesmo barco e só hai mariñeiros do mesmo rango para navegar con el".

Partimos, polo tanto, dun momento histórico onde se globaliza todo: A economía, o medio ambiente, as relacións humanas... e iso non é malo. O malo é a mala globalización. O mal uso desa globalización.

E aí, a cidadanía debemos estar atenta. E non só as persoas que traballamos no terceiro sector xa que da mala ou boa globalización, depende o noso futuro e o das xeracións vindeiras.

Parece incuestionable que o desenvolvemento que ata agora se levou a cabo non é o máis adecuado. Case ninguén discute que este modelo neoliberal, de crecemento ilimitado, está esgotado. Porque non se pode seguir medrando, ilimitadamente, nun mundo con recursos limitados.

A resposta para esta cambio de paradigma, podémola atopar en novos plantexamentos económicos como o da '**Economía do Ben Común**' desenvolvida polo austríaco Christian Felber: Temos que cambiar de modelo, pasar de un modelo baseado na maximización de beneficios a través da competencia, a un modelo baseado na **cooperación para poder acadar o ben común**.

E neste cambio de modelo, quen debe dicir e decidir somos a cidadanía. Pasar de ser meros consumidores e usuarias de bens e servizos a unha **verdadeira cidadanía global**, preocupada polo que "ocorre aquí e aló": porque quen traballa polo respecto dos dereitos humanos, tanto lle ten se son persoas de aquí ou de acolá.

A cidadanía global é unha cidadanía crítica. Que critica e **questiona de xeito constructivo os actuais modelos**. Porque sabemos que son inservibles e que nos abocan a un suicidio ecolóxico.

A cidadanía global sabe que o actual modelo é profundamente insolidario e nós, como cidadáns e cidadás preocupados polo que pasa "aquí e acolá" non podemos permitir que as persoas exploten a outras persoas, que se devaste o medio ambiente para maximizar beneficios. E, polo tanto, tampouco seremos neutrais ante prácticas insolidarias como non pagar impostos, compartir e mesmo alentar a fraude fiscal.

Para conseguir iso temos que cambiar tamén a **práctica da política**, da actual política mediocre e sen sentido que fomenta a corrupción. Temos que pasar á política da cidadanía, onde o que é público é tamén de todos e todas e, daquela, responsabilidade de todos e todas. Onde conductas como o uso de paraísos fiscais para non pagar impostos non van a ser toleradas. Onde políticas gobernamentais como as amnistías fiscais non van ser aceptadas porque a mensaxe que se transmite e que "todo vale" e nada pasa se non pagas impostos.

Por tanto, é imprescindible que a cidadanía se mova, se active e defenda o que tanto esforzo custou conseguir. Que promova un cambio de modelo, alternativo a este que sabemos que é insolidario e suicida. Pero os cambios de modelo empezan por cambiar nós mesmo, nós mesma. Por esixir ao resto e tamén **por seren esixentes con nós**.

José Manuel Pérez

Vogal da Coordinadora Galega de ONG de Desenvolvemento